



PROGRAMA **2023-2027**
132 Acciones que funcionan
**O POLO QUE
FUNCIONA**

12 Iniciativas transformadoras

- 1. Desenvolvemento económico.**
- 2. Recuperación do litoral.**
- 3. Plan de mellora dos servizos municipais**
- 4. O Tambo do futuro.**
- 5. Estratexia ambiental.**
- 6. Deporte e Vida saudable.**
- 7. Mellora das comunicacións.**
- 8. Mellora das zonas residenciais e núcleos tradicionais.**
- 9. Plan de mellora integral do conxunto histórico de Combarro**
- 10. Concello aberto.**
- 11. Transversalidade social.**
- 12. Identidade cultural.**



SALUDA

Querida veciña, querido veciño de Poio

Son Gregorio e son veciño de Raxó e vivo en San Salvador. Son pai de dúas fillas, arquitecto e actualmente concelleiro e deputado provincial.

O 28 de maio preséntome por primeira vez como candidato á Alcaldía de Poio. Fágoo con humildade e responsabilidade. Tamén coa honra e a ilusión de liderar un proxecto integrador da man de persoas comprometidas e moi preparadas, cunha valía xa amosada no ámbito público e privado.

Un equipo avalado polo traballo destes anos nos que formei parte do goberno municipal de Poio. Anos nos que impulsamos e lideramos grandes proxectos de transformación, facendo realidade demandas históricas e velllos anhelos. Recuperamos a Illa de Tambo para a cidadanía. Lideramos a solución definitiva ao problema da depuración de augas en Raxó e Samieira. Transformamos os núcleos das parroquias, para convertelos en referentes de mobilidade, accesibilidade e respecto pola contorna.

E todo isto o fixemos xestionando só algunas das concellerías. Agora, queremos entregar toda a nosa forza e capacidade de xestión liderando o goberno municipal de Poio.

Por iso presentamos este programa con 12 iniciativas transformadoras e 132 accións concretas para facer que Poio funcione.

É hora de facer o Polígono de Fragamoreira que a Xunta non executa e que desenvolveremos co goberno central; rehabilitaremos os núcleos tradicionais dotando de servizos e transformando a contorna; hai que mellorar as comunicacións coa PO 308 e a PO 303; hai que avanzar na recuperación da costa e conseguir un novo pavillón deportivo e un auditorio para Poio.

O 28 de maio é unha data decisiva para o noso futuro. Presentamos un equipo que funciona e que fai que Poio funcione. Por iso, pido a túa confianza para gobernar sen ataduras.

Fronte ao ruído, ao fume e as condutas irresponsables, eu e os meus compañeiros e compañeiras ofrecemos un plan que vai a funcionar con xestión, seriedade e feitos. Ofrecemos o que funciona.

Gregorio Agís
FIRMA ESCANEADA
 Candidato do PSdeG-PSOE á alcaldía de Poio.

1. PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM)

Acción 1. Aprobar o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal. Unha vez resolta a execución da depuradora podemos avanzar PXOM que pretendemos aprobar inicialmente no primeiro ano de mandato.

Isto suporá unha oportunidade para corrixir os errores do plan actual, reforzando os núcleos existentes, ampliando o seu ámbito e axustando os viais á súa realidade física.

Un urbanismo sostible para fomentar a ordenación dos espazos públicos, cun crecemento urbanístico en función dos servizos e do interese xeral que facilite a iniciativa empresarial e permita o asentamento do comercio. Para iso, xeraremos novos solos de desenvolvemento comercial, de equipamentos e planificando un urbanismo de calidade capaz de dotar dos espazos verdes, equipamentos e servizos que poio necesita.



1. PARA QUE O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO FUNCIONE

Temos que potenciar o crecemento económico, para favorecer a xeración de riqueza, o asentamento de empresas e negocios no noso municipio para a creación de emprego. Isto incidirá directamente na calidade de vida e o benestar.

Traballaremos por revitalizar o comercio local apostando pola modernización e profesionalización, fomentando o consumo de proximidade e potenciando o seu desenvolvemento nas novas áreas residenciais onde praticamente é inexistente.



O Concello de Poio necesita un novo chan industrial para atraer investimentos e xerar emprego, riqueza e benestar, por iso, é fundamental o acordo ao que chegamos os socialistas co Consorcio Zona Franca de Vigo para desbloquear e impulsar definitivamente o polígono de Fragamoreira.

Un dos nosos principais sectores produtivos é a pesca e o marisqueo. Daremos unha especial atención a este sector, desenvolvendo estratexias municipais e colaborando nos plans de rexeneración das praias e da calidade das augas.

Acción 2. Facer realidad o polígono de Fragamoreira

Tras o acordo con Zona Franca, dende a administración municipal, impulsaremos a urbanización e desenvolvemento do polígono ao igual que xa o logramos con outros proxectos claves para o futuro de Poio, como a depuradora.



Ante a pasividade e a falta de interese por parte da Xunta de Galicia e despois de 15 anos de bloqueos e impedimentos por parte de Xestur, agora fomos capaces de dar un impulso definitivo ao polígono industrial para desenvolver a través desta actuación máis de 230.000 metros cadrados para actividade empresarial, dentro dunha área de 400.000 metros cadrados, que será dotada de zonas verdes e equipamentos de todo tipo.

Acción 3. Programa POIO Facilita

Imos simplificar, mellorar e facilitar a relación entre o Concello e os emprendedores, autónomos e empresas para potenciar a actividade económica.

Poio é un municipio cheo de talento e a administración local ten que ser un facilitador para o desenvolvemento económico, proporcionando os instrumentos para que a veciñanza poida desenvolver os seus proxectos vitais no ámbito laboral e empresarial.

O goberno de Poio funcionará orientado á xeración de riqueza, á creación de emprego e de benestar poñendo a disposición os medios, a axuda e o asesoramento necesarios para facilitar un contorno propicio para os negócios, acompañando o seu proxecto emprendedor e posibilitando as condicións para que poidan operar con comodidade e garantías.

Acción 4. Programa Poio Prepara

Desenvolveremos un programa de formación para mellorar a empregabilidade da veciñanza de Poio con cursos e accións formativas para proporcionar titulacións e certificados que habiliten para o desempeño laboral, deseñadas para cubrir a demanda existente no mercado laboral actual de forma coordinada co tecido empresarial.

Acción 5. Programa Poio crea+

Está en execución un espazo municipal para os emprendedores no que disporán dun lugar onde iniciar a súa actividade emprendedora, nos dous primeiros anos de actividade, o momento máis complicado.

2. PARA QUE A RECUPERACIÓN DO LITORAL FUNCIONE

A costa representa un dos recursos más importantes do noso municipio para a dinamización económica e temos a responsabilidade de mantela limpa, saneada, e accesible. Unha das nosas prioridades será **abrir a costa ao tránsito polo litoral e favorecer a conectividade dos núcleos costeiros**. Ademáis melloraremos os paseos marítimos e as zonas portuarias co fin de favorecer o desenvolvemento económico e a actividade turística asociada á costa. Buscamos poñer en valor o medio ambiente costeiro e a recuperación dos espazos públicos, así como impulsar hábitos de vida saudables.

Sendas litorais

Estamos empeñados en recuperar toda a costa do municipio consendas que comuniquen e articulen os núcleos costeiros e dar, deste xeito, continuidade aos paseos xa existentes entre Laño–Covelo, A Seca–Campelo e Campelo–Lourido, impulsados tamén polos socialistas.

Acción 6. Creación de áreas comerciais.

É necesario crear solo de desenvolvemento comercial nas proximidades das zonas residenciais. Traballaremos por revitalizar o comercio local apostando pola modernización e profesionalización, fomentando o consumo de proximidade.

Impulsaremos áreas de implantación comercial para que as pequenas empresas e negocios teñan solo no que desenvolver a súa actividade de proximidade, para aqueles usos que polasúa natureza molestan se poden desenvolver en zonas urbanas facilitando a actividade empresarial e comercial e contornas más habitables.



Acción 7. Creación e consolidación de feiras e eventos de promoción e dinamización do comercio local, como feiras multisectoriais e de artesanía, en lugares estratégicos, que sirvan como pulo da actividade e emprendedores, ao tempo que se consolidan como citas atractivas para veciñanza e visitantes



Agora temos comprometido co Ministerio de Transición Ecolóxica completar o resto do litoral para facer realidade preto de 9 quilómetros de paseo litoral:

Acción 8. Senda da Puntada (Lourido - Pontevedra) = 3.450 metros

Acción 9. Sendado Padrón (A Seca-Combarro)=1.025 metros

Acción 10. Sendado Covelo (Samieira-Chancelas)=1.586 metros

Acción 11. Senda de Sinás (praia de Sinás - núcleo de Raxó) = 270 metros.

Plan de mellora das praias




As praias son un dos principais atractivos do litoral e aproveitar todo o seu potencial e atraer turismo de calidade será un obxectivo do goberno municipal.

Acción 14. Impulsaremos un plan de mellora das praias cunha planificación de limpeza e mantemento periódicos.

Acción 15. Melloraremos as dotacións das praias con aseos en todos os areais de Poio, acondicionando e completando os equipamentos existentes.

Acción 16. Melloraremos os accesos as praias facendo accesibles os areais e acondicionando os frontes costeiros, as conexións coas rutas fluviais, as rutas dos muíños e os accesos peonís.



Acción 12. Proxecto de recuperación/zona verde na parcela da Piolla. Un punto de encontro para a veciñanza con mobiliario, miradoiro e parque infantil/biosaudables

Acción 13. O proxecto tamén se suma a senda circular da illa de Tambo (2.458 metros).

Estas actuacións permitirán enlazar Combarro con Pontevedra, cunha senda sostible, continua e accesible. Deste xeito conectaremos a pé A Seca con Combarro. Tamén daremos continuidade á senda da praia do Laño ata unila con Chancelas e executaremos outro tramo de senda na Praia de Sinás en Raxó.

Acción 17. Melloraremos os servizos das praias e impulsaremos estacionamentos nas inmediacións.

Acción 18. Mellora dos parques e zonas verdes anexas, así como as pasarelas, barandas e os pavimentos.

Acción 19. Incrementar servizo de socorristas ás praias con máis afluencia de bañistas

Acción 20. Maior promoción / bandeiras azuis (aumentar o número de distintivos)



Acción 21. Rematar a recuperación dos paseos marítimos. Os socialistas conseguimos impulsar a completa transformación da fronte costeira de Raxó que se atopaba moi deteriorada. Agora está en execución a obra do tramo municipal da rúa Ramón Encinas, financiado con fondos europeos. Conseguimos desbloquear con Portos de Galicia a mellora da zona portuaria de Raxó, comprometida dende 2009 nun convenio que tamén inclúe a mellora do Covelo e polo que seguiremos peleando.



3. UN PLAN DE MELLORA PARA QUE OS SERVIZOS MUNICIPAIS FUNCIONEN

Os servizos públicos son infraestruturas fundamentais para garantir a calidade de vida das persoas. As redes municipais tanto de abastecemento, como de saneamento ou de recollida de pluviais garanten contornos saudables, limpos e un ecosistema san. É fundamental contar con servizos de calidade, por iso daremos prioridade a completar os servizos ata a última vivenda do municipio e mellorar as redes existentes.

Impulsaremos a elaboración do **Plan de acción de Obras e Servizos** para a planificación e priorización das actuacións e establecer unha folla de ruta clara para mellorar todo o sistema cos seguintes criterios:

Acción 22. Completar a rede de abastecemento e saneamento ao 100% das vivendas, priorizando as actuacións en función da funcionalidade e antigüidade.

Acción 23. Substituir as redes más antigas para acadar un sistema máis eficiente e fiable.

Acción 24. Impulsar no primeiro ano a renovación dos servizos para completar en PVC toda a rede de abastecemento, con especial atención á zona de A Caeira.

Acción 25. Acometer no primeiro ano a dotación completa de servizos en Vilariño e Fragamoreira.

Acción 26. Renovare e mellorar os servizos ao longo da PO-308.

Acción 27. Bonificar a metade do custe do saneamento cando este se realiza mediante bombeo.

Acción 28. Novo sistema de abastecemento para dotar de calidade e garantir o abastecemento de zonas altas prevendo as necesidades futuras. O cambio climático afecta significativamente á dispoñibilidade de auga, como conse-

cuencia da seca. Anticipándonos ás necesidades do futuro, temos deseñado xa un plan para dotar de novas captacións: un depósito de reforzo a cota alta para garantir a presión do sistema e a dotación de auga a todas as vivendas do municipio, prevendo incluso incluír aquelas que na actualidade se abastecen mediante traídas veciñas, para cando o necesiten.

Acción 29. Completar a depuración integral das augas residuais de Poio: Acadamos un acordo histórico acadado co Goberno de España e co Concello de Sanxenxo para a execución da nova depuradora para completar o saneamento de Raxó e Samieira, así como outras zonas que no futuro o demanden. Actualmente, esta infraestrutura está xa en licitación, estará totalmente operativa e en funcionamento no ano 2025, co que se completará a depuración de todo o municipio, con criterios de calidade, un sistema de última xeneración e dimensionado para o crecemento futuro. Isto permitirá avanzar co Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Acción 30. Mellora da eficiencia do alumeadoo público

Continuaremos co plan de eficiencia enerxética municipal, que supuxo a monitorización da rede cun programa de control de contadores e consumos que nos permite tomar decisiones e reducir o gasto público en enerxía á vez que se mellorou a calidade do servizo.

Actualmente estamos executando un proxecto de case un millón de euros financiados con Fondos Europeos para substituir as luminarias existentes por LED que se engade aos catro programas realizados a través da deputación municipal.

Avanzaremos na telexestión da rede de alumeadoo para garantir un funcionamento óptimo.

Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos

Acción 31. Levaremos a cabo un cambio no contrato do servizo de recollida para mellorar o sistema actual e implantar o contenedor marrón.

Acción 32. Seguiremos potenciando o programa de compostaxe tanto individual como comunitario co obxectivo de reducir as toneladas que se levan a Sogama.

Acción 33. Seguiremos fomentando a reciclaxe para avanzar cara a un modelo sostenible e máis respectuoso co medio ambiente.

Acción 34. Ampliaremos o servizo de barrendeiros con especial incidencia nas zonas residenciais de maior densidade de poboación e nos lugares de interese turístico.



4. O TAMBO DO FUTURO



Acción 35. Avanzar la redacción do ENIL Espazo natural de interese local para garantir a protección da illa.

Acción 36. Avanzar no plan de usos para definir as liñas estratéxicas de recuperación e posta en valor dos recursos. Establecer as prioridades e a folla de ruta para optimizar a recuperación dos valores arquelóxicos, arquitectónicos e naturais e garantir un uso sostenible da illa.

Acción 37. Posta en valor dos recursos naturais, fauna e flora.

Acción 38. Continuar con visitas programadas a Tambo para colectivos, o tecido asociativo do noso concello e veciñanza en xeral.

Acción 39. Recuperación integral do patrimonio arquitectónico e arqueolóxico da illa (Capela, Lazareto, Polvorín, edificacións singulares, fonte)

Acción 40. Recuperación arqueolóxica do Castro de San Fagundo.

Acción 41. Avanzaremos na recuperación da masa forestal autóctona a mellora e limpeza do sotobosque garantindo a preservación dos valores ambientais.

Acción 42. Programa de prevención de incendios.

Acción 43. Mellora e recuperación das sendas existentes e acondicionamento dos accesos.

Acción 44. Señalización e difusión dos recursos da illa e dos valores patrimoniais e naturais.



Acción 45. Recuperación do sistema Dunar e eliminación das construccions sen valor.

Acción 46. Dotacións de aseos e servizos.

Acción 47. Rehabilitación e mellora do molle de acceso.

5. PARA QUE A ESTRATEXIA AMBIENTAL FUNCIONE

O coidado do medio ambiente e a xestión sostible son garantía de futuro. Temos a obriga de legar ás próximas xeracións un entorno coidado e saudable.

Cadavez máis se abandonan as fincas e a masa forestal avanza cara os núcleos de poboación. Estableceremos **mecanismos de xestión rigurosos, áxiles e efectivos para a limpeza de fincas** e das franxas de protección, garantindo que os lumes non poidan chegar ás vivendas e que os arredores se atopen saneados e limpos.



Acción 48. Ampliar o ámbito de actuación dos desbroces ao longo da rede de viais municipais e maior planificación dos traballos de mantemento.

Acción 49. Optimizar o procedemento da obriga das persoas propietarias de manter limpas as fincas para dar cumprimento á Lei de Protección de Incendios, con mecanismos áxiles e efectivos.

Acción 50. Plan de medidas preventivas mediante a repoboación con frondosas coa finalidade de poñer en mans da veciñanza unha ferramenta que lles permita repobalar as súas fincas, colaborando ao tempo coa prevención de incendios e evitando o avance das especies invasivas sobre os núcleos de poboación e minorando así a perda de biodiversidade.

Acción 51. Facer especial fincapé en manter limpas as franxas de protección para minimizar o risco de incendio.

Acción 52. Actuacións para ampliar, mellorar e poñer en valor espazos naturais e sendas que poidan optar a distintivos de calidade.

Acción 53. Creación dunha gran área forestal canina de esparcemento para mascotas, con xogos, zonas de sombra, mobiliario e bebedoiros

VALORIZACIÓN DO MONTE

Dous tercios do termo municipal é monte. Polo tanto é un recurso que debemos poñer en valor, desenvolvendo novos usos para o seu aproveitamento, dende a perspectiva


produtiva, recreativa e turística, con actuacións de valor engadido para a xeración de riqueza e emprego:

Recuperación das marxes dos ríos e creación de novos roteiros fluviais:

Acción 54. Roteiro do Rego do Mouro, conectado coa Seca, cunha extensión de 6,5 Km.

Acción 55. Enlace da Ruta dos Muíños de Samieira co Paseo do Laño e continuidade coa Cañada do Xabarin.

Acción 56. Continuidade da Ruta da Freixa conectando coa Seara ata o Muíño, enlazando a senda litoral da Ostreira co Mosteiro de Poio.



Acción 57. Deseño de mapas dixitais e sinalización de rutas para difundir os percorridos.

Acción 58. Conexión dos paseos litorais cos roteiros fluviais conectando cos sendeiros forestais para poñer en valor e mellorar o aproveitamento do monte e creando trazados circulares e permitindo a adecuación da dificultade e a extensión dos percorridos.

Acción 59. Centro de BTT: creación dunha estación de bicicletas de montaña, habilitando un espazo para dar servizo á

práctica do BTT. Deseño do mapa de roteiros para BTT, con diferentes dificultades e modalidades.

Acción 60. Creación dun circuito canino agility. Crearemos un espazo no ámbito forestal de gran extensión para que as mascotas disponan dun entorno acotado e seguro con elementos de agility.

Acción 61.

Unha árbore, unha vida: Iniciativa municipal de benvida a os novos nacementos, coa plantación dunha árbore autóctona.

6. PARA QUE O DEPORTE E VIDA SAUDABLE FUNCIONEN

O deporte é un eixe transversal para propiciar o desenvolvemento social.

Acción 62. Fomento da práctica deportiva desde a infancia. O deporte na escola será unha actividade a impulsar. Acordos coas entidades deportivas do concello. Impulsaremos as actividades deportivas relacionadas co mar. Mellora dos equipamentos deportivos e creación de novos equipamentos.

Acción 63. Redeseño das escolas deportivas para fomentar o deporte base como elemento de inclusión, desenvolvemento persoal, e a educación en valores para fomentar a colaboración e o traballo en equipo cun carácter non competitivo.

Acción 64. Novo pavillón municipal

Acción 65. Novas instalacións deportivas ao aire libre: pistas multideporte, skate, tenis, rocódromo, calistenia, paddle

Acción 66. Circuitos BTT

Acción 67. Ampliación do horario de apertura do ximnasio municipal.



Programa integrado de actividades deportivas orientadas á promoción da saúde.



Acción 68. Programa CÓIDOME: Estratexia integral de promoción de hábitos de vida saudable, con participación de profesionais especializados. Co obxectivo de promover pautas que permitan activar a mente, o manexo das emocións, a regulación do exercicio físico e a alimentación equilibrada para **mellorar a calidade de vida, o optimismo e as relacións interpersoais**. Cun calendario de actividades en coordinación cos centro médicos, xornadas, camiñatas, saídas grupais, sesións de asesoramento de **medidas para promover o coidado integral da saúde física, mental e emocional**.

Incidencia na labor preventiva para unha boa saúde mental con programación de medidas e actividades específicas.



7. COMUNICACIÓN E MOBILIDADE



Poio necesita un impulso nas infraestruturas de comunicación articulando o concello e mellorando as conexións cos concellos limítrofes. Unhas boas comunicacións garanten o futuro do concello actualmente condicionado en puntos como a PO-308 especialmente en A Barca e Combarro. Necesitamos articular os núcleos altos do noso municipio garantindo boas vías de comunicación que propicien o seu desenvolvemento.

Acción 69. Instaremos a Xunta de Galicia, como administración responsable, a que garanta dun servizo de transporte digno e funcional que preste un servizo público fiable e de calidade.

Acción 70. Garantir a seguridade vial e peonil así como a mellora de servizos en toda a PO-308.

Acción 71. Proxecto de mellora da PO-308 en Porteliña, Andurique e A Barca.

Acción 72. Acometer a segunda fase do vial de Campelo a través do convenio firmado por Deputación.



Acción 73. Mellora dos accesos ao novo equipamento na Canteira de Graña favorecendo a conectividade de Castelo e Campelo Norte.

Acción 74. A variante Norte é unha infraestructura de primer nivel que está infralitizada, polo que propoñemos a conexión da alternativa norte coa autopista para facilitar a conectividade.

Acción 75. Impulsaremos de forma decidida a construcción do vial do Baop para facilitar a conectividade da Caeira e diversificar o tráfico que pasa polo nó de A Barca.



Acción 76. Impulsaremos a conexión da autopista coa rotonda de Portosanto en sentido de saída para que funcione a autopista como circunvalación de A Barca.

Acción 77. Construción de un vial alternativo aberto que conecte as zonas altas do noso **municipio** e reduza o impacto do tráfico na PO-308 e que permita o desenvolvemento urbanístico dos núcleos altos, facilitando a súa conectividade.

Acción 78. Impulsaremos a conexión do paseo marítimo de Raxó con Sanxenxo.

Acción 79. Conexión de A Armada e Esperón e o Vial alternativo á PO-308 coa estrada de acceso a Armenteira con Meis.

Acción 80. Habilitar máis parkings disuasorios no centro e barrios tanto en terreos municipais como a través de convenios con propietarios de solares sen uso. Tratariase dunha cesión temporal e o concello asumiría a limpeza e o mantemento.

8. MELLORA DAS ZONAS RESIDENCIAIS E NÚCLEOS TRADICIONAIS.



Seguindo a liña que levamos desenvolvendo, continuaremos a mellorar a contorna tradicional e as zonas residenciais do noso municipio con actuacións integrais e transformadoras que contribúen a mellorar a calidade de vida da veciñanza e garantan espazos agradables e atractivos con espazos con valor engadido. Buscamos a mellora de todos os servizos con proxectos que aborden todas as necesidades con acabados de calidade que teñan unha duración prolongada, evitando actuacións illadas que non resolen a totalidade das necesidades.

Temos desenvolvido actuación moi importantes como A Seara, Casal, Pernas Peña, Mato Calderón, Praza Riestra, Saiñas, Portosanto, e moitas outras atopanse en execución.

Xa temos tramitadas e en marcha:

-Mellora integral do nucleo de Viñas e Laxes garantindo un acceso seguro ao Colexio xa previsto no Plan PON2030 da Deputacion de Pontevedra.

-Mellora integral de Casalvito ata a praia do Padrón no marco do Plan Ágora da Deputacion de Pontevedra.

- Mellora integral de Chancelas, camiño da Bouza, Camiño da Fonte e mellora dos espazos públicos e parque infantil con fondos europeos.



- Continuación da conexión de Chancelas con Combarro mellorando o Camiño Real con carril bici e senda peonil mediante fondos europeos.
- Mellora integral de Arén en Camiño do Souto, Camiño do Cruceiro e Camiño da Coita. (En execución)
- Mellora de accesos e seguridade peonil no entorno de Anafáns dotando de estacionamento e mellorando a circulación do tráfico. (En execución).
- Mellora integral Praza de Liñares. (En execución).
- Mellora integral de Rúa Adro e Porteliña. (En execución).
- Mellora Integral para completar as zonas pendentes de Tarrio e Pedreisón en Samieira.
- Mellora de Rúa Camariñas en Samieira.

9. O PLAN DE MELLORA INTEGRAL PARA QUE COMBARRO FUNCIONE

Combarro e o seu conxunto histórico representan un enclave único, exemplo de arquitectura popular e consolidado como un potente polo de atracción turística para noso municipio. Levaremos a cabo unha actuación ambiciosa para desenvolver todo o potencial que ten Combarro e mellorar a calidade de vida dos seus residentes.

NOVOS ESPAZOS EN COMBARRO

Acción81. Tras o acordo co Porto Deportivo para a cesión gratuita de dous locais de 97 m², os convertiremos nun **Centro de Promoción Turística de Combarro** que sirva ademáis para a proxección de todo o municipio, localizado nunhas instalacións modernas, céntricas e accesibles.



Acción 82. Ademais, nestas instalacións, crearemos un **espazo de participación** de 160 m² que estará a disposición da cidadanía. Será deseñado e equipado para satisfacer as necesidades do dinamismo socio cultural de Combarro, cunha completa programación de eventos.

Acción 83. Rehabilitación da Casa do Ateneo grazas ao convenio que xa asinamos coa Diputación de Pontevedra que destinaremos a **centro municipal de interpretación de Combarro** para profundizar e divulgar a súa arquitectura, historia e tradición.



Plan integral de mellora e conservación do Conxunto Histórico.

O casco histórico de Combarro é unha xoia que debemos preservar, e necesita un pulo na mellora dos servizos para as persoas residentes, nos accesos, na iluminación, na

conservación dos bens patrimoniais públicos e privados... así como fixar un modelo coherente e respectuoso que configure unha contorna agradable, coidada e acorde ao seu carácter histórico.

Temos deseñado un proxecto de rehabilitación integral, recuperando os espazos que se atopan degradados e completar o 100% do casco histórico para poñelos en valor.

Acción 84. Retirada dos elementos que distorsionan as fachadas e alteran a estética do espazo público: cadros eléctricos, cableado, rexistros...

Acción 85. Conservación e consolidación do muro costeiro recuperando os tramos deteriorados e completando os paseos na base do muro.

Acción 86. Liña de axudas para a rehabilitación de elementos de interese patrimonial de titularidade privada como os hórreos, facilitando a súa conservación.

Acción 87. Plans de axudas á rehabilitación de vivendas.

Acción 88. Mellora e ampliación do sistema de saneamento así como o soterramento dos colectores na fronte costeira.

Acción 89. Acondicionamento dos accesos ao casco histórico con especial atención á zona das Veigas con reposición de pavimentos e de muros de peche.

Acción 90. Mellora da iluminación ornamental do casco histórico, dentro dun Plan de mellora estética garantindo a perfecta integración paisaxística de tódolos elementos e instalacións existentes.

Acción 91. Creación de aparcadoiros disuasorios tanto para residentes como para visitantes nas inmediacións de Combarro.

10. CONCELLO ABERTO

Acción 92. Facer unha xestión eficaz, administración amable, atención facilitadora. Puntos de atención, rede espazos municipais.

Acción 93. Potenciar o consello de participación veciñal e a Asamblea Cidadá, onde estarán representados os colectivos sociais, a muller, a mocidade e os maiores, con dotación de medios e recursos. Creación do Consello de Medio Ambiente.

Acción 94. Creación da Oficina de Atención á Cidadanía: Un Servizo de Atención Cidadá que significará un novo marco de relacións entre o concello e a cidadanía, para **facer a administración más próxima, comprensible** e accesible, mellorando a atención, o acceso a todo tipo de información e a comunicación entre a veciñanza e todos os servizos da Administración Municipal.

Ofrecerá á cidadanía un servizo de resolución de súas dúbidas, obter información actualizada e precisa, xestionar solicitudes, queixas e suxestións, evitando desprazamentos innecesarios e axilizando os trámites. A Atención Cidadá prestarase presencialmente e por medios telefónicos e telemáticos.

Acción 95. Implantación de **ferramentas dixitais para notificación de incidencias**, que axilicen os tempos de resposta e melloren a eficiencia dos servizos municipais.

Acción 96. Seguiremos traballando en ter ainda máis transparencia na xestión municipal, ampliando o portal de transparencia para que estea dispoñible toda a información das áreas municipais para a cidadanía.

11. TRANSVERSALIDADE SOCIAL

Levar a cabo a idea de que a acción social xira en torno a un eixe transversal de actuación:

Acción 97. IGUALDADE

A promoción da igualdade será un eixe transversal da acción municipal. Traballaremos man a man con todos os axentes sociais e cos colectivos de mulleres do noso municipio para desenvolver medidas encamiñadas á consecución da igualdade real entre homes e mulleres como será a través de encontros, faladoiros, formación.

MEDIDAS DE CONCILIACIÓN:

Acción 98. Ampliar a cobertura dos programas de conciliación, estendendo o Espazo Concilia aos períodos non lectivos ao longo do ano, ademáis do verán: tempada de Nadal e Semana Santa.

Acción 99. Fomentar e colaborar a implantación de comedor escolar e plan madruga en todos os centros educativos de Poio.

MEDIACIÓN COMUNITARIA

Acción 100. Creación dun espazo de mediación comunitaria: Ante conflictos que se xeneran na contorna, existe a nivel municipal estes espazos de mediación para non chegar aos xuzgados con conflictos que poden resolverse a través deste sistema.

INFANCIA E MOCIDADE

Acción 101. Escola infantil: Proposta de ampliación de plazas para evitar a lista de agarda.

12. IDENTIDADE CULTURAL: CULTURA, PATRIMONIO E TURISMO

Acción 107. Recoñecer, protexer e promover aspectos propios da nosa historia e tradición, recuperación, sinalización e protección do patrimonio cultural.

Acción 108. Construir Auditorio municipal: un concello co dinamismo sociocultural de Poio necesita unhas instalacións preparadas e equipadas. Un novo equipamento atractivo e versátil cunha situación céntrica na Canteira de Graña en San Xoán, con espazo escénico, butacas, proxectado para acoller representacións teatrais, proxeccións, recitais...

Acción 109. Deseñar e desenvolver un programa de contidos e actividades do Centro Cultural Xaime Illa, cunha oferta atractiva e dinámica.

Acción 102. Creación de dous grandes parques infantís e zonas de recreo ben equipados para todas as idades en A Seca e Lourido.

Acción 103. Creación dun gran espazo de encontro de lecer na Seca:

- Elementos de xogo para todas as idades
- Mesas de xogo
- Escenario e bancadas ao aire libre para programación de eventos culturais
- Pérgolas de abrigo para espazos de encontro
- Deseño do sendeiro saudable no perímetro da Seca: con marcas de distancias e instalación de novos elementos biosaludables.
- Circuito de educación vial na esplanada onde se ubica a verbena: espazo multiuso.
- Nova estructura de xogo para maiores idades que a actual (continua á actual).
- Mini pistas de fútbol na actual pista asfaltada de detrás do kiosko.

PARQUE DE LOURIDO

Acción 104. Minipistas de fútbol/baloncesto.

Acción 105. Instalación de marquesina de abrigo

Acción 106. Celebración do festival da infancia “a+Arrolos”:

- Espazos musicais, obradoiros, postos de artesanía vinculados á infancia, charlas con referentes da pedagogía e crianza... Posible ubicación: Pazo de Besada e exteriores.

Acción 110. Renovación do Consello Municipal de Cultura, abrir o Consello de Cultura a todas as asociacións culturais para canalizar as propostas e iniciativas de carácter cultural, consensuar e desenvolver un programa anual que fomente e divulgue as nosas manifestacións culturais.

Acción 111. Evento cultural en Tambo, fóra de tempada alta, co obxecto de atraer turismo cultural desestacionalizado, con programación musical, audiovisual e divulgativa da nosa historia, patrimonio e tradición.

Acción 112. Establecer a mesa de traballo “Descubre Poio” como lugar de valoración de propostas e coordinación de iniciativas de promoción turística e potenciar o programa for-

mativo para consolidar a calidade do sector turístico do noso municipio.

Acción 113. Plan de sinalización e indicación dos petróglifos de Poio: Proxecto progresivo de difusión das localizacións dos petróglifos, con acondicionamento dos sendeiros e sinaléctica.

PARA QUE FUNCIONE TODO O CONCELLO



ALGUNHAS DAS ACCIÓNS QUE FAREMOS

EN RAXÓ

- 1 Cuberta das pistas de Monte Baldio.
- 2 Impulsar a conexión do Paseo Marítimo con Sanxenxo.
- 3 Dotar de contido e crear unha programación propia para o Centro Cultural Xaime Isla.
- 4 Executar a gran plaza acordada co Arzobispado para estacionamento e usos múltiples.
- 5 Continuidade da Rúa do Rego con Rabo de Porco e mellora do camiño actual.

EN SAMIEIRA

- 1 Campo de herba artificial en Río de Bois.
- 3 Continuar a Fase II da senda da "Ruta dos Muíños" coa senda da praia do Laño.
- Esixir a execución do Proxecto de Covelo según o convenio firmado en 2.009 paralizado pola Xunta de Galicia.
- 4 Sendalitoral entre Covelo Ouriceira - Chancelas.
- 5 Continuar co tratamento de nucleos tradicionais en Arén e Samieira.

Acción 114. Roteiros máxicos de Poio, poñer en valor o patrimonio inmaterial das cinco parroquias de Poio: costumes, lendas, tradición oral e os lugares más destacados (estacións de petróglifos, muíños, Cuna da Moura, fontes, cruceiros etc.) e levar a cabo un estudio que se recolla en publicacións, edición de mapa con percorridos, sesións escolares de divulgación, faladoiros e folletos turísticos.

EN SAN XOÁN

- 1 Execución das beirarrúas dende Campelo ata A Seara. (Rúa Beiramar, Camiño Castelo e Rúa do Cesteiro)
- 2 Dotar de saneamento os núcleos de Vilariño e Fragamoreira.
- 3 Senda dende A Seca ata Combarro e posta en valor do litoral. A Seca como elemento complementario e de apoio a Combarro.
- 4 Creación dunha zona central en San Xoan para espazo de lecer.

EN SAN SALVADOR

- 1 Destinar a "Casa Rosada" en Centro de Actividades, Locais de Ensaio para a mocidade e Locais para colectivos.
- 2 Executar o viario previsto que da continuidade a Rúa Palestina.
- 3 Continuidade da urbanización actual por rúa Rio Miño e rúa San Antoniño.
- 4 Habilitación dun Espazo público na finca de Coca Cola.



VOTA GREGORIO

O POLO QUE FUNCIONA



PSG
PSOE
POIO

 [www.oquefunciona.gal](http://oquefunciona.gal)

 info@oquefunciona.gal